

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE MINISTERIO DE ECONOMÍA INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE (MEIC) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCint) 2014-2020.

1. FUNDAMENTACIÓN DA IDONEIDADE QUE XUSTIFICA A CONTRATACIÓN


1.1. MOTIVACIÓN

Con data 4 de decembro de 2017, o Concello de Santiago de Compostela asinou co Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC), un convenio para o proxecto SMARTIAGO cofinanciado con fondos FEDER.

Trátase do primeiro convenio que o MEIC asina cunha Administración Local baseado no modelo de CPI aplicando o procedemento de Asociación para a Innovación.

O proxecto SMARTIAGO financiarase nun 80% mediante Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020:

- Obxectivo Temático 1: Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- Prioridade de Inversión 1.b: O fomento da inversión empresarial en I+D+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector da ensinanza superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes.



- Obxectivo específico 1.2.1: Impulso e promoción de actividades de I+D+i lideradas por as empresas e apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras, en relación ás actuacións cofinanciadas dentro da liña de actuación de impulso á innovación desde a demanda mediante actuacións de compra pública innovadora (CPI).

O Convenio prevé o cofinanciamento de iniciativas do proxecto SMARTIAGO estruturadas en tres liñas de actuación:

- Liña Xestión sostible e intelixente de residuos sólidos urbanos

O servizo de xestión de residuos sólidos urbanos (RSU) e limpeza viaria (LV). Implican un custo anual de 11,55M €/año, o que supón o 28,3% do capítulo 2 do orzamento municipal (datos de 2015). Ademais, cun pobre 13% de recollida selectiva, moi por debaixo do obxectivo de reciclaxe e preparación para a reutilización marcado por la UE: 50% en 2020 y 65% en 2030.

- Liña Mobilidade intelixente e sostible


A mobilidade e acceso de vehículos de residentes, visitantes e carga e transportistas no centro e casco histórico de Santiago de Compostela, patrimonio da UNESCO. A elevada actividade hostaleira e comercial implica unha desordenada actividade de vehículos de transporte de "última milla", cuxo control se basea en elementos físicos non integrados co patrimonio e control humano, con impacto no estacionamento e bloqueo de vehículos de emerxencia e recollida de residuos.

- Liña Alumeado ornamental intelixente para conservación do patrimonio

O alumeado público e a conservación de fachadas de elevado valor patrimonial. Supón 3,5M€/año en electricidade e mantemento de luminarias, un 9% do capítulo 2 do orzamento anual do Concello. Nunha Cidade Patrimonio da UNESCO con elevada afluencia turística, a iluminación supón un valor engadido. Ademais, a conservación e mantemento de elementos do patrimonio construído implican importantes gastos recorrentes.

O proxecto, por un importe total de 12.360.000,00 euros, estrutúrase en dúas fases, que teñen asociado un importe 6.180.000,00 euros cada unha.

- Fase de I+D+i: Prazo de execución máximo de 4 anos desde a entrada en vigor do Convenio, para a realización das tarefas correspondentes a esta fase segundo se establece nos anexos I, X e XI.



- Fase de despregamento: Para o despregamento das solucións que teñan demostrado a súa viabilidade e produtividade.

A previsión orzamentaria para a primeira fase (I+D+i) distribúese do seguinte xeito: 4.326.000,00 euros destinados a compra pública innovadora e 1.854.000,00 euros destinados a contratación ordinaria segundo a seguinte táboa:

Oficina de proxecto, gastos e inversións (30% do orzamento do tramo I)	1.854.000,00
Oficina de proxecto	445.000,00
Asistencia Técnica e/o Convenios de Colaboración	240.000,00
Consultas ao mercado e actuacións de soporte (comunicación)	120.000,00
Inversións materiais e inmateriais	1.015.000,00
Outros	34.000,00


A contratación dunha Oficina Técnica está xustificada polo alcance e complexidade do proxecto, a dificultade engadida que supón a súa tramitación conforme ás esixencias do cofinanciamento FEDER, e a contratación mediante compra pública innovadora seguindo un procedemento tan novidoso como o de asociación para a innovación. Esta oficina debe aportar recursos humanos e coñecemento especializado a nivel de xestión e tecnolóxico. Ten ademais a función transversal de axente facilitador para a implantación dunha cultura da innovación no Concello.

O servizo de oficina técnica que se licita corresponde polo tanto á primeira fase (Fase I+D+i). Entre os entregables da asistencia técnica inclúese a documentación técnica necesaria para analizar a viabilidade e oportunidade de abordar a fase de despregamento para cada unha das iniciativas.

Forma parte do alcance do obxecto do contrato a asistencia técnica para a fase de consultas ao mercado, polo que esta adxudicación se corresponde cos apartados "Oficina de proxecto" e "Consultas ao mercado e actuacións de soporte (comunicación)" da previsión orzamentaria descrita máis arriba neste informe.

1.2 DESCRICIÓN DO OBXECTO E ALCANCE

O alcance nesta nova licitación inclúe todas as actividades propias dunha Oficina Técnica nun proxecto de CPI, que se desenvolven con máis detalle no apartado "Alcance do servizo a prestar" do prego, e entre as que se inclúen as seguintes:



- Coordinación e integración de todos os axentes implicados
- Coordinación da fase de consultas ao mercado
- Creación de capacidades de innovación
- Coordinación da execución técnica do proxecto CPI
- Control económico e financeiro
- Seguimento e monitorización
- Xustificación do convenio co MEIC
- Apoio na avaliación dos resultados do proxecto
- Difusión e visibilidade
- Xestión de calidade
- Peche da Oficina Técnica

Da cobertura polo tanto aos ámbitos de xestión (de proxecto, e especificamente de proxecto CPI), tecnolóxico e, no posible, científico. Require polo tanto dun equipo de traballo multidisciplinar que poida actuar como interlocutor cualificado en todos este ámbitos e aportar valor no ámbito no proceso de creación e implantación de solucións innovadoras nas tres liñas do proxecto SMARTIAGO.

2. DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

2.1 UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor propoñente: Servizo de Informática (44-INFORMÁTICA)

Persoa responsable do seguimento: Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo de Informática.

2.2 OBXECTO DO CONTRATO

Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTIAGO en aplicación do Convenio de colaboración entre Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCint) 2014-2020

2.3 PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Procedemento aberto.

2.4. DIVISIÓNS POR LOTES

Non existe división por lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. ART 99)

2.5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Preténdese contar cunha oficina técnica que garanta os recursos necesarios con coñecemento especializado para asegurar a correcta execución do proxecto SMARTiAGO nas condicións establecidas polo Convenio asinado co Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC) para o proxecto SMARTiAGO cofinanciado con fondos FEDER.

O Servizo non conta cos medios humanos e materiais suficientes para a realización da actividade prevista, polo que se considera necesaria esta contratación.

2.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se dispón desta información no centro xestor.

2.7. NOMENCLATURA (CPV)

Non se dispón desta información no centro xestor.


2.8. PARTIDA ORZAMENTARIA

Aplicación orzamentaria: 060 46200 22706. (2018 2 TIAGO 27)

Existencia de cofinanciación: O proxecto SMARTiAGO financiarase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020.

Esta cofinanciación lévase a cabo a través do Convenio asinado con data 4 de decembro de 2017, entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (en adiante MEIC) para o proxecto SMARTiAGO cofinanciado con fondos FEDER.

Os importes totais e por exercicio, asumindo o inicio a 1 de abril de 2019, aplicada a taxa de cofinanciación do 80% son os que se indican de seguido (importes con IVE):



Exercicio	Importe	FEDER	Fondos propios
		80,00%	20,00%
2019	158.906,25	127.125,00	31.781,25
2020	211.875,00	169.500,00	42.375,00
2021	194.218,75	155.375,00	38.843,75
TOTAL	565.000,00	452.000,00	113.000,00

2.9. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 466.942,15 euros
- IVE (21%): 98.057,85 euros
- Total: 565.000,00 euros

2.10. PRAZOS MÁXIMOS DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración prevista de 32 MESES que se contarán a partir do día seguinte ao da súa formalización.

Asúmese para este cálculo inicio do proxecto a 1 de abril de 2019 e peche ao finalizar o mes de novembro de 2021, coincidindo co remate da fase I (I+D+i) do proxecto segundo establece o Convenio.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

O xefe de servizo de Informática

O concelleiro delegado de Medio ambiente, convivencia e informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

Asdo.: Xan Duro Fernández

Firmado por JESÚS
RODRÍGUEZ CASTRO -
34887777C el día
21/11/2018 con un certificado
emitido por AC
CAMERFIRMA FOR